

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG121287	<i>Expediente</i> CON/23/2018	<i>Fecha</i> 22-11-18 14:28

Número 29 .- roposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "obras de reforma do parque infantil da Praza da Constitución (Pistas de skate)".

Destinatario

15078DCMG121287m



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 16 de novembro de 2018, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

29 .- ROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "OBRAS DE REFORMA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN (PISTAS DE SKATE)".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, de data 13.novembro.2018; así como do informe de Intervención n°. 786/2018, de 15.novembro.2018, da xefe de sección co conforme do interventor.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Obras de reforma do parque infantil da Praza da Constitución (Pistas de skate)", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12I287	CON/23/2018	22-11-18 14:28

Primeiro: Con data 25 de outubro de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL.

Segundo: Con data 13 de novembro seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Primeiro: Rexeitar a oferta presentada pola empresa PRADO LAMEIRO SL (317.324 euros) por exceder do tipo máximo de licitación fixado (288.346,29 euros).

Segundo: Rexeitar a oferta presentada pola empresa XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

Terceiro: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL (CIF: B32021487), por un importe de **254.725 euros** (IVE aparte 21%: 53.492,25 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía de cinco anos, un incremento do 2% no orzamento de control de calidade e de xestión de residuos, e a execución dun plan de comunicación que suporá unha inversión de alomenos o 6% do orzamento da contrata.

Designase como técnico municipal responsable do contrato a D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de obras e proxectos.

Este expediente transfórmase, chegado este punto, nun anticipado de gasto, xa que a primeira certificación dos traballos non se emitirá en ningún caso ata o ano 2019, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no vindeiro exercicio orzamentario."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I287	<i>Expediente</i> CON/23/2018	<i>Fecha</i> 22-11-18 14:28

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Primeiro: Rexeitar a oferta presentada pola empresa PRADO LAMEIRO SL (317.324 euros) por exceder do tipo máximo de licitación fixado (288.346,29 euros).

Segundo: Rexeitar a oferta presentada pola empresa XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

Terceiro: Adxudicar o contrato de "obras de reforma do parque infantil da Praza da Constitución (pistas de skate)" a favor da empresa OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL (CIF: B32021487), por un importe de **254.725 euros** (IVE aparte 21%: 53.492,25 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Comprometer unha ampliación do prazo de garantía de cinco anos, un incremento do 2% no orzamento de control de calidade e de xestión de residuos, e a execución dun plan de comunicación que suporá unha inversión de alomenos o 6% do orzamento da contrata.

Designar como técnico municipal responsable do contrato a D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de obras e proxectos.

Este expediente transfórmase, chegado este punto, nun anticipado de gasto, xa que a primeira certificación dos traballos non se emitirá en ningún caso ata o ano 2019, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no vindeiro exercicio orzamentario.

O CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: **Xan Xesús Duro Fernández**

